



Concello de Vilarmaior

ANUNCIO

SELECCIÓN ALUMNOS OBRADOIROS DE EMPREGO

Faise público para xeral coñecemento que vai dar comezo un Obradoiro de Emprego na especialidade de **“Atención socio sanitaria a persoas no domicilio”**, a impartir entre os Concellos de Monfero, Aranga, Irixoa e Vilarmaior.

O obradoiro terá unha duración de doce meses. Impartirase formación teórica e práctica para a obtención dun certificado de profesionalidade de nivel 2 nesa especialidade.

Poderán participar 20 alumnos que deberán ter unha idade igual ou superior aos dezaoto anos, estar desempregados e inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia nos códigos seguintes: 320 (Escola taller programas), 330 (Casa de Oficio), 340 “Obradoiros de emprego”; ou 370 “Outros programas de formación de emprego, formación dual” e cumprir cos requisitos de formación necesarios para o acceso a certificados de nivel 2

Os alumnos seleccionados percibirán o salario mínimo interprofesional durante todo o período de formación.

Toda a información sobre o proceso estará a dispor de todos os interesados nas oficinas municipais.

Vilarmaior, O Alcalde, Carlos Vázquez Quintián